

PROCEDIMIENTO DE ASIGNACIÓN DE TITOR

- 1. Alumnos con solicitude de renovación de proposta de TFG/TFM aprobada e titores asignados previamente.**

Os titores asignados manteranse salvo que se solicite unha modificación por parte do alumno/a ou dos titores asignados.
- 2. Alumnos con proposta de tema de TFG/TFM incluída na oferta de temas e titores publicada polo centro e que contén co Vº e Pr. dos titores.**

A Comisión de Título procederá a asignar aos titores incluídos na proposta. Esta proposta da Comisión de Título trasladarase ao centro que informará ao Departamento correspondente para que no prazo de 5 días hábiles comuniquen razoadamente calquera impedimento. Pasado dito prazo o nomeamento será definitivo.
- 3. Alumnos con proposta de tema de TFG/TFM incluída na oferta de temas e titores publicada polo centro e que non contén co Vº e Pr. dos titores.**

A Comisión de Título fará unha proposta de titor/es entre o profesorado que propuxera ese tema ou temas afines, ou se e preciso, entre o profesorado que estea relacionado pola súa docencia ou investigación co tema proposto, tendo en conta a ser posible o seu encargo docente de TFG/TFM. Esta proposta da Comisión de Título trasladarase ao centro que informará ao Departamento correspondente para que no prazo de 5 días hábiles comuniquen razoadamente calquera impedimento. Pasado dito prazo o nomeamento será definitivo.
- 4. Alumnos con proposta de tema de TFG/TFM non incluída na oferta de temas e titores publicada polo centro e que contén co Vº e Pr. dos titores**

A Comisión de Título comprobará que o tema proposto polo/a alumno/a se corresponde coas liñas temáticas establecidas para a titulación, e en caso afirmativo, procederá a asignación provisional do titor/titores. Esta proposta da Comisión de Título trasladarase ao centro que informará ao Departamento correspondente para que no prazo de 5 días hábiles comuniquen razoadamente calquera impedimento. Pasado dito prazo o nomeamento será definitivo.
- 5. Alumnos con proposta de tema de TFG/TFM non incluída na oferta de temas e titores publicada polo centro e que non contén co Vº e Pr. dos titores**

A Comisión de Título comprobará que o tema proposto polo/a alumno/a se corresponde coas liñas temáticas establecidas para a titulación, e en caso afirmativo, procederá a facer unha proposta razoada de titor/es entre o profesorado que estea relacionado pola súa docencia ou investigación co tema proposto, tendo en conta a ser posible o seu encargo docente actual de TFG/TFM. Esta proposta da Comisión de Título trasladarase ao centro que informará ao Departamento correspondente para que no prazo de 5 días hábiles comuniquen razoadamente calquera impedimento. Pasado dito prazo o nomeamento será definitivo.
- 6. Casos onde non sexa posible a asignación do titor proposto pola Comisión de Título**

Cando un departamento informe razoadamente ó centro no prazo previsto dunha causa que imposibilite o nomeamento definitivo do titor, o centro informará desta circunstancia á Comisión de Título (ou coordinador de TFG da titulación) e esta procederá a nomear un novo titor. Nese caso, sería recomendable que o Departamento propuxera outro titor da mesma área de coñecemento ou afín ao tema proposto de TFG/TFM que si poida exercer como tal.

Se a Comisión de Título realizase un total de 3 asignacións de titor para unha proposta sen que se chegara a un nomeamento definitivo, poderá decidir rexeitar a proposta por imposibilidade de asignación de titor.